

Claustro

Regulamento de Réxime Interno do Centro Asociado da Uned de Lugo.

Aprobado polo Padroado do Centro o 26 de marzo de 2009.

Aprobado polo Consello de Goberno da Uned o 29 de xuño de 2010.

Artigo 13°.-

O Claustro estará composto por unha representación de profesores-titores, outra de alumnos e outra do persoal de administración e servizos. Serán membros natos do Claustro o director e os restantes membros do Consello de Centro.

O Claustro do Centro Asociado contará cunha representación por estamentos análoga á do claustro da Universidade, sendo o máximo de 25 membros.

Os representantes dos alumnos serán elixidos polo Consello de Alumnos do Centro de entre os delegados de Facultade no Centro Asociado e o delegado de Centro e os seus respectivos vocais.

Artigo 14°.-

Para poder adoptar acordos, o Claustro e as súas comisións deberán estar regulamentariamente reunidos e coa asistencia da maioría dos seus membros. Si non houberse "quórum", pospoñeráse a votación ao momento fixado polo Presidente. Si tampouco houberse "quórum" o asunto será posposto ata a próxima reunión.

As decisións do Claustro, no ámbito das súas competencias, adoptaranse por maioría simple, salvo aquelas expresamente mencionadas neste Regulamento. En caso de empate, resolverá o voto do presidente.

Artigo 15°.-

O Claustro actuará baixo a presidencia do director do Centro e contará con dous vicepresidentes elixidos de entre os seus membros. Actuará como secretario, con voz e voto, o do Centro Asociado.

Artigo 16°.-

O Claustro será convocado polo director do Centro e reunirase, polo menos, unha vez en cada curso académico en sesión ordinaria. En sesión extraordinaria, a petición do director do Centro ou, como mínimo, dunha terceira parte dos seus compoñentes, tantas veces como sexa necesario.

Artigo 17°.-

O Claustro funcionará en Pleno e en Comisións. As Comisións, que adoptarán as súas decisións por maioría simple, poden ser permanentes ou

extraordinarias no caso de que se produzan motivos extraordinarios que aconsellen a súa constitución.

Artigo 18°.-

Serán Comisións permanentes, como mínimo, a de Réxime Docente e a de Réxime Disciplinario.

Artigo 19°.-

Estas Comisións serán elixidas de forma proporcional entre os membros do Claustro polos diversos estamentos do mesmo. A presidencia corresponderá ao director ou á persoa en quen este delegue.

Artigo 20°.-

As Comisións actuarán como órganos de asesoramento do Pleno do Claustro e só poderán decidir naquelas materias que sexan expresamente delegadas polo Claustro.

Artigo 21°.-

Son funcións do Claustro:

- Debater as liñas xerais de actuación do Centro.
- Debater a memoria anual.
- Manifestar a vontade do Centro en materias do seu interese.
- Propoñer ao Padroado a modificación ou reforma total do presente Regulamento de Réxime Interno.